



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Patoloxía Xeral Aplicada en Podoloxía	Código	750G02102	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Alvarez-Calderón Iglesias, Oscar	Correo electrónico	oscar.alvarez-calderon.iglesias@udc.es	
Profesorado	Alvarez-Calderón Iglesias, Oscar Vidan Martinez, Luciano	Correo electrónico	oscar.alvarez-calderon.iglesias@udc.es l.vidan@udc.es	
Web	<a href="https://campusvirtual.udc.gal/">https://campusvirtual.udc.gal/</a>			
Descrición xeral	<p>A materia Patoloxía Xeral aplicada en Podoloxía aporta ó alumnado os conceptos teóricos básicos para coñecer as patoloxías máis frecuentes na poboación de diferentes idades e principalmente as patoloxías sistémicas que teñen repercusións nos pes.</p> <p>É unha materia de formación básica para os profesionais de ciencias da saúde na que o estudo das principais patoloxias dos diferentes órganos e sistemas do corpo humano permite identificar os signos e síntomas das patoloxías máis frecuentes.</p> <p>Introdúcese ó alumnado na patoloxía podolóxica co estudo das patoloxias sistémicas con repercusións no pe.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
O alumnado coñece o concepto de Saúde e Enfermedad e o concepto de Patoloxía	A70	B23 B25 B29 B39	C11 C14 C16
O alumnado coñece a fisiopatoloxía e os fundamentos etiolóxicos dos procesos patolóxicos	A70	B23 B25 B29 B30 B37	C9 C11 C14 C16
O alumnado recoñece as consecuencias dos diferentes procesos patolóxicos sobre o funcionamento dos órganos e sistemas.	A70 A71	B25 B26 B29 B30	C9 C11 C16
O alumnado coñece como avaliar as manifestacións secundarias as alteracións de órganos e sistemas	A70 A71	B25 B29 B30	C9 C11 C16
O alumnado coñece a Semioloxía médica	A70	B25	C11 C16



O alumnado coñece as patoloxías sistémicas con repercusións no pe	A71	B25 B29 B30 B39	C9 C11 C16
---	-----	--------------------------	------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
UNIDADE DIDÁCTICA I : Concepto e fundamentos etiolóxicos da Patoloxía no ser humano	<p>Tema 1. Concepto de Patoloxía. Saude e enfermidade.</p> <p>Tema 2. Manifestacións clínicas das enfermidades. Dolor. Febre.</p> <p>Tema 3. Patoloxía inducida por axentes externos: tóxicos, microorganismos, factores ambientais</p> <p>Tema 4. Xenética médica.</p> <p>Tema 5. Inmunoloxía clínica.</p> <p>Tema 6. Principios xerais das enfermidades infecciosas.</p> <p>Tema 7. Principios xerais das enfermidades neoplásicas</p>
UNIDADE DIDÁCTICA II: Patoloxía sistémica	<p>TEMA 8 Manifestacións da patoloxía do corazón. Semioloxías arterial, venosa e linfática . Grandes síndromes cardiocirculatorios. Insuficiencia cardíaca. Arterioesclerosis..</p> <p>TEMA 9. Patoloxía osteoarticular: lesións articulares e óseas. Artrose, artrite. Trastornos do remodelamento óseo.</p> <p>TEMA 10. Patoloxía do sistema nervioso. Semioloxía y patoloxía do sistema nervioso. Grandes síndromes do sistema nervioso: da función motora, síndromes de primeira e segunda neurona motora. Patoloxía da coordinación motora. Patoloxía extrapiramidal. Patoloxía da sensibilidade xeral e trastornos sensoriais. Alteración das funcións cerebrais superiores. Patoloxía do sistema nervioso autónomo.</p> <p>TEMA 11 Trastornos endocrino- metabólicos. Grandes síndromes. Diabetes mellitus.</p> <p>TEMA 12 Patoloxía do aparello dixestivo: deglución, ulcus, alteracións do tránsito intestinal. Síndrome de malabsorción.</p> <p>Tema 13. Bases fisiopatolóxicas do sistema respiratorio. Signos e síntomas da patoloxía pulmonar e pleural. Grandes síndromes de la patoloxía pulmonar e pleural. Insuficiencia respiratoria e as súas consecuencias</p> <p>TEMA 14. Patoloxía do sistema nefrouinario: semioloxía renal e das vías urinarias. Grandes síndromes.</p>
UNIDADE DIDÁCTICA III: PATOLOXÍA DO MEMBRO INFERIOR	<p>TEMA 15: Alteracións vasculares do membro inferior: Conceptos xerais, principios diagnósticos.</p> <p>Tema 16: Alteracións traumatolóxicas e reumatolóxicas no membro inferior: Conceptos xerais, principios diagnósticos</p> <p>Tema 17: Alteracións musculares e tendinosas do membro inferior: Conceptos xerais, principios diagnósticos</p> <p>Tema 18: Alteracións neurolóxicas do membro inferior: conceptos xerais, principios diagnósticos</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A71 B23 B26 B29 B39 C9 C11 C16	9	9	18



Estudo de casos	A71 B23 B25 B29 B30 C9 C16	4	28	32
Proba mixta	A70 A71 B23 B26 B29 C9 C11	2	23	25
Presentación oral	A70 B23 B25 B26 C9 C11	3	8	11
Sesión maxistral	A70 A71 B23 B25 B30 B37 C14 C16	45	18	63
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Realización de traballos en grupo de temas sinalados polo profesor. Realizarase unha tutorización continua do proceso de documentación, redacción, elaboración escrita do traballo e exposición do mesmo. Os traballos serán expostos na aula ante todos os alumnos matriculados na materia e os contidos formarán parte do coñecemento a avaliar no exame final.
Estudo de casos	O estudo da Unidade diáctica III irá vinculado a metodoloxía de estudos de casos. O alumno deberá recoñecer as diferentes patoloxías sistémicas con repercusión podolóxica analizando síntomas e signos, así como datos de probas complementarias facilitadas. A materia dos casos, será avaliada no exame final.
Proba mixta	Proba ou exame final, que poderá integrar preguntas tipo redacción e/ou preguntas tipo obxectivo. En canto ás preguntas de redacción, recompila preguntas abertas de desenvolvemento. As preguntas obxectivas serán preguntas de opción múltiple onde só 1 é correcta. As preguntas obxectivas pódense formular noutro formato a criterio do profesorado.
Presentación oral	Exposición oral na aula dos traballos tutelados coa utilización dos medios necesarios.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, co fin de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral Presentación oral Proba mixta Estudo de casos	O profesorado da materia realizará diferentes sesións programadas de atención personalizada ao alumnado para a titoría dos traballos da materia.  O alumnado poderá consultar co profesorado durante o horario de titoría todas aquelas inquietudes ou dúbidas que atope na materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A71 B23 B26 B29 B39 C9 C11 C16	Avaliarase o proceso de elaboración dos traballos e os resultado final do mesmo.	10
Presentación oral	A70 B23 B25 B26 C9 C11	Calificación das capacidades do alumnos para transmitir os contidos principais sintetizados do traballo realizado.	5



Proba mixta	A70 A71 B23 B26 B29 C9 C11	Prueba o examen final, que poderá integrar preguntas tipo de ensayo y/o preguntas tipo objetivas. En cuanto a preguntas de ensayo, recoge preguntas abiertas de desarrollo. Las preguntas objetivas serán tipo test con varias opciones donde solamente 1 es correcta. Podrían plantearse preguntas objetivas con algún otro formato a discreción del profesorado.	75
Estudo de casos	A71 B23 B25 B29 B30 C9 C16	Avaliarase o razoamento do alumnado e os coñecementos dos contidos traballados a través do estudo de casos. O día da proba mixta, realizaranse cuestións tipo test, referente ós casos clínicos.	10

### Observacións avaliación

As cualificacións dos traballos tutelados, da súa exposición e do estudo de casos, so computarán na cualificación final, se se supera o 50% da cualificación da proba mixta.

No estudo de casos a avaliación se realizará a través dunha proba de casos (preguntas tipo test) realizada xunto coa proba mixta final da materia.

No caso de non presentarse ou non superar a proba mixta na primeira oportunidade, as cualificacións dos traballos tutelados e a súa presentación e do estudo de casos, computarán nas seguintes oportunidades se se supera o 50% da calificación da proba mixta.

A cualificación de Non Presentado, outorgarase no caso de que non se presente á proba mixta ou non realice os traballos tutelados e a súa presentación.

A cualificación de Matrícula de Honra, dado o seu carácter graciable, concederase automaticamente ao alumnado que obteña 10 na cualificación media da materia. De haber mais alumnos/as con esa cualificación que matriculas se poidan outorgar pola cota oficial establecida, convocaranse a todos eles para a realización dunha proba específica de desempate. A proba consistirá nun novo exame de características similares ás da proba mixta. O exame fixarase en data e hora de acordo cos interesados.

Alumnado en matrícula parcial que lle fora concedida a dispensa académica. O/A alumno/a debe de comunicalo a profesora responsable da materia, no caso de obter a dispensa académica debe informar a responsable da materia nos primeiros 15 días do cuatrimestre para acollerse a un plan de actividades específico que non precisan presencialidade, coa excepción da asistencia as sesións de casos clínicos. Para este alumnado é obrigatorio a realización do 100% dos traballos tutelados e do estudo de casos.

Oportunidade adiantada de avaliación. O alumnado que se atope nos supostos recollidos na normativa de xestión académica da UDC, disporá desta opción para superar a materia mediante unha proba escrita de características similares á a recollida no proceso de avaliación que terá un peso do 100% da cualificación final.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Muñoz Calvo, B (2009). Cliniguía; actualización de diagnóstico y terapéutica. Eviscience</li> <li>- Olazabal Ulacia, JC (2013). Averroes, Manuel de terapia en atención primaria. Salamanca: Eviscience</li> <li>- S. Porter, Robert (2010). Manual Merk de signos y síntomas del paciente. Madrid, Panamericana</li> <li>Castro del Pozo, Sisinio (2003). Manual de patología general : etiología-fisiopatología. Masson, S.A.Pérez Arellano, J.L. y Castro del Pozo, S (2006). Manual de Patología General. 6ª. ed. . Masson;GARCIA-CONDE J., MERINO SANCHEZ J., GONZALEZ MACÍAS (2000). Patología general. Semiología clínica y fisiopatología. Mac- Graw- Hill.</li> <li>InteramericanaFarreras Valentí, P. y Rozman, C (1997). Tratado de Medicina Interna.. Salvat EdicionesNo desenvolvemento dos temas, facilitarase ao alumnado bibliografía específica, de ser o caso.</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	



## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía xeral/750G02103

Anatomía específica do membro inferior/750G02104

Fisioloxía Humana/750G02101

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Cirurxía Podolóxica Avanzada/750G02130

Cirurxía Podolóxica 2/750G02129

Dermatoloxía/750G02124

Prácticum I/750G02134

Patoloxía Podolóxica I/750G02119

Terapéutica Farmacolóxica/750G02122

### Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol". A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase entregaranse en formato dixital e en papel sen empregar plásticos, con impresións a dobre cara, empregando papel reciclado e evitando a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías